

**CONVOCATORIA DE BOLSAS DE RENOVACIÓN E DE NOVA ADXUDICACIÓN PARA ESTUDOS DE  
MÁSTERES UNIVERSITARIOS OFICIAIS NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.  
CURSO 2020-2021**

**OBXECTO DAS BOLSAS**

A Universidade da Coruña e o Banco Santander convocan bolsas de renovación e nova adxudicación para a realización de estudos de másteres universitarios oficiais na Universidade da Coruña (UDC), destinadas ao alumnado matriculado en másteres universitarios oficiais no curso académico 2020-2021.

**ORZAMENTO**

Para a concesión destas bolsas destinarase un total de 100.000 euros cofinanciados entre a Universidade da Coruña e o Banco Santander, dentro do convenio xeral entre ambas as entidades, sen prexuízo de que este importe poida ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria. O pagamento farase con cargo á aplicación orzamentaria 0300470135.422D.480.00.

**CUANTÍA DA AXUDA**

Bolsas de nova adxudicación: contemplan os prezos públicos da matrícula de 60 créditos en primeira matrícula e máis un fixo de 250€.

Bolsas de renovación: contemplan os prezos públicos consonte ao número de créditos matriculados e máis un fixo de 4,2€ por crédito matriculado.

En calquera caso o importe da bolsa, no que se refire aos prezos públicos polos créditos matriculados, corresponderá ao importe realmente aboado pola persoa bolseira por este concepto na súa matrícula. Para as novas adxudicacións non poderá superar o importe correspondente a 60 créditos. Para as renovacións, nos másteres de 90 créditos, o importe máximo é o correspondente a 30 créditos. No caso das renovación dos másteres de 120 créditos, o importe máximo é o correspondente a 60 créditos.

A concesión e o número das bolsas reguladas nesta convocatoria terá como límite global o crédito asignado no orzamento para tal fin. A contía de cada bolsa non poderá superar o importe de 2.132,00 euros.

**INCOMPATIBILIDADES, OBRIGAS E INCUMPRIMENTO DAS PERSOAS BOLSEIRAS**

Estas bolsas son incompatibles con:

- outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados, así como con salarios que impliquen calquera vinculación contractual ou estatutaria da persoa bolseira, ou con calquera tipo de ingresos pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado que supoñan a obtención de ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional no curso académico
- coas bolsas de carácter xeral para o curso académico 2020-2021, para estudantes que cursen estudos postobrigatorios do Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP). As ditas bolsas terán carácter prioritario sobre esta convocatoria, non podendo rexeitarse a do MEFP para aceptar a desta convocatoria

Serán compatibles con:

- As axudas destinadas a cubriren accións formativas no marco de programas de intercambio internacional
- Outras axudas propias da UDC de carácter xeral como transporte ou residencia.
- As prácticas remuneradas sempre que estas se integren no plano de estudos do máster.

As persoas bolsseiras están obrigadas a realizaren as actividades previstas nos programas de formación e cumpriren os obxectivos destes superando as probas correspondentes ás materias e créditos matriculados, agás os créditos do Traballo Fin do Máster, no caso das bolsas de nova adxudicación.

As bolsas concédense para o tempo completo. No caso de renuncia ou incumprimento das súas obrigas, a persoa bolsseira deberá reintegrar as cantidades xa percibidas, xunto cos xuros de demora que lle corresponden en cada caso, salvo en casos excepcionais autorizados pola vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade.

As persoas bolsseiras están obrigados a comunicarlle á Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade a renuncia á bolsa tan pronto como se producir a causa que a determine. Todas as baixas que se produciren antes do 30 de xuño de 2021 serán substituídas pola seguinte persoa solicitante que figure na listaxe de agarda, se a houber.

A concesión dunha destas bolsas non establece relación contractual ou estatutaria coa Universidade da Coruña nin implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao seu cadro de persoal.

### REQUISITOS XERAIS DAS PERSOAS SOLICITANTES

- Non ser ou ter sido beneficiarias destas axudas ou doutras homologables (bolsas de máster da Xunta de Galicia ou do Ministerio de Educación e Formación Profesional) en anteriores convocatorias.
- Rematar os estudos universitarios oficiais de Grao con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2017 e ter rematados estes estudos no momento da resolución da convocatoria.
- Non estar en posesión dun título de máster universitario oficial.
- Contar cun expediente académico persoal na titulación de acceso ao máster, con nota media igual ou superior a 6,000 nas ramas de coñecemento de ciencias, ciencias da saúde, ciencias sociais e xurídicas e arte e humanidades. Na rama de enxeñería e arquitectura esta nota deberá ser igual ou superior a 5,000 puntos. Esta nota media calcularase aplicando o establecido na resolución do 15 de setembro de 2011 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, DOG do 30 de setembro.
- Estar en posesión dun título universitario oficial español ou outro expedido por unha institución de educación superior do Espazo Europeo de Ensino Superior que faculta no país expendedor do título para o acceso a ensinanzas de máster. Así mesmo, poderán acceder as persoas tituladas conforme a sistemas educativos alleos ao Espazo Europeo de Ensino Superior sen necesidade de homologación dos seus títulos, tras a comprobación pola Universidade de que as persoas solicitantes acrediten un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españois e que facultan no país expendedor do título para o acceso a ensinanzas de máster.
- Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título estranxeiro do que estea en posesión a persoa interesada nin o seu recoñecemento para outros efectos que non sexan os de cursar os estudos de máster.
- Os estudantes estranxeiros non comunitarios deberán acreditar a condición de residentes, de conformidade co disposto na normativa sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

### REQUISITOS ESPECÍFICOS PARA AS BOLSAS DE NOVA ADXUDICACIÓN:

- Estar matriculado/a nun mínimo de 60 créditos nun máster universitario oficial impartido na Universidade da Coruña e ter aboados os prezos públicos correspondentes.
- As materias ou créditos recoñecidos, validados, adaptados ou transferidos non se terán en conta para o cumprimento destes requisitos.

### REQUISITOS ESPECÍFICOS PARA AS BOLSAS DE RENOVACIÓN:

- Ter estado matriculado/a no curso académico 2019/2020 nun máster universitario que comprende dous cursos académicos.
- Ter sido adxudicatario/a dunha bolsa de nova adxudicación no curso 2019/2020.
- Ter superado os 60 créditos do primeiro curso. No caso de terlle sido autorizada a simultaneidade de dous másteres, ter superado os 60 créditos do primeiro curso de cada un deles.
- Estar matriculado no curso 2020/2021 de todos os créditos correspondentes ao segundo curso do máster ou másteres no caso de autorización de simultaneidade.
- As materias ou créditos recoñecidos, validados ou adaptados ou transferidos non se terán en conta para o cumprimento destes requisitos académicos.

## PRESENTACIÓN E PRAZO DE SOLICITUDE

As solicitudes deberán cumprimentarse, de forma telemática, segundo o seguinte procedemento

**1º** Presentar a solicitude enchendo o formulario en liña ao que se accede desde a seguinte ligazón:

[https://www.udc.es/sape/bolsas\\_axudas\\_premios/bolsas-master-udc-santander-20-21/](https://www.udc.es/sape/bolsas_axudas_premios/bolsas-master-udc-santander-20-21/)

*As persoas solicitantes de bolsas de nova adxudicación deberán achegar documentación adicional nos seguintes casos:*

- No caso de cidadáns doutros países: pasaporte ou documento equivalente. Os estudantes estranxeiros non comunitarios deberán presentar acreditación da súa condición de residentes.
- Para o caso de persoas solicitantes que non cursaron os estudos de acceso ao máster na Universidade da Coruña: copia do expediente académico persoal. Deberán ter en conta o seguinte:

No caso de titulacións españolas, deben presentar o certificado do expediente académico do título universitario realizado no cal conste a nota media na escala numérica de 0-10.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, ademais do certificado do expediente académico, no que conste a nota mínima aprobatoria, deben presentar asinado o documento de declaración de equivalencia das notas medias de estudos e títulos universitarios realizados no estranxeiro aos correspondentes españois, que se realizará en liña a través da sede electrónica do Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP):

<http://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/gestion-titulos/estudios-universitarios/titulos-extranjeros/equivalencia-notas-medias.html>

Se a Comisión de Selección valora que a escala escollida non é a máis axeitada, poderá requirirle á persoa solicitante que realice de novo a declaración coa escala que esta estime máis correcta. No caso de non figurar na devandita páxina o país ou a escala, a comisión de selección á vista da certificación coa escala establecerá a media correspondente.

- O resto das persoas solicitantes non é necesario que presenten documentación adicional.

*As persoas que solicitan a renovación da súa bolsa deben presentar a solicitude en liña na dirección indicada, pero non é necesario que presenten documentación adicional.*

En calquera caso, poderáselle requirir aos solicitantes documentación adicional cando se considere necesaria para resolver a súa solicitude. Unha vez finalizada a súa solicitude recibirán na súa conta de correo electrónico da UDC confirmación da dita presentación.

**2º** Rexistrarse na plataforma de becas del Banco Santander: unha vez presentada a solicitude, tal como se indica no punto anterior, deberán rexistrarse na plataforma de bolsas do Banco Santander na ligazón que se indica a continuación. Para realizar o rexistro correctamente, deberán indicar obrigatoriamente o número de expediente que se lles comunicará no correo electrónico que recibirán na súa conta de correo @udc.es, una vez teñan presentado a súa solicitude como se indica no punto 1º.

A ligazón á dita plataforma é:

<http://www.becas-santander.com/program/becas-udc-master-universitario-oficial-20-21>

O prazo para a presentación de solicitudes permanecerá aberto dende o día hábil seguinte ao da publicación desta convocatoria na Sede electrónica da UDC (TEO) **até o 1 de febreiro de 2021**, ambos os dous incluídos.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

Adxudicaranse ás bolsas en función da media do expediente académico persoal da persoa solicitante aproximada a catro decimais, ponderada pola media da titulación dos cursos 2016/2017, 2017/2018 e 2018/2019. No caso daquelas persoas que posúan unha titulación superior a que accederan desde unha diplomatura ou unha titulación técnica, a media da titulación dos últimos tres anos referirase á titulación con que a persoa accede ao máster.

No caso do alumnado de fóra da UDC que posúa titulacións non implantadas nela, empregárase como media da titulación dos últimos tres anos a da titulación máis afín segundo os criterios da Comisión de Selección.

En caso de empate, na nota media do expediente académico persoal, procederase ao desempate de acordo coa seguinte orde de prelación: menor número de suspensos, de persistir o empate, o maior número de matrículas de honra, de persistir o empate, o maior número de sobresaíntes.

A distribución das bolsas realizarase de forma proporcional ás ramas de coñecemento das titulacións de acceso ao máster das persoas admitidas. As ramas de coñecemento son as seguintes: arte e humanidades, ciencias, ciencias da saúde, ciencias sociais e xurídicas, enxeñería e arquitectura.

### COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de selección estará composta polas seguintes persoas:

Presidenta: M<sup>a</sup> José Lombardía Cortiña, vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade

Secretario: D. José Luis Añón Tejido, xefe da Sección de Acceso e Información

Vogal 1: D. Domingo Calvo Dopico, vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade

Vogal 2: D.<sup>a</sup> María Gisela Lourido Alonso, xefa do Servizo de Estudantes

Vogal 3: D. José María Losada López (representante dos estudantes)

A Comisión está facultada para resolver calquera dúbida relacionada con esta convocatoria.

### RESOLUCIÓN E PUBLICACIÓN

Unha vez que remate o proceso de avaliación de solicitudes, publicaranse na sede electrónica da UDC (TEO) as relacións provisionais de persoas admitidas e excluídas, xunto coa causa da exclusión. As persoas interesadas disporán dun prazo de **cinco días hábiles** para presentar reclamación e/ou achegar a documentación requirida no Servizo de Estudantes:

- Na Coruña: no Servizo de Estudantes-SAPE que se atopa no Pavillón de Estudantes (campus de Elviña);
- en Ferrol: no Servizo de Estudantes-SAPE, situado no Edificio Apoio ao Estudo (campus de Esteiro);
- ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Posteriormente e unha vez resoltas as bolsas do Ministerio de Educación e Formación Profesional, publicarase no TEO a resolución coas relacións definitivas de persoas adxudicatarias das bolsas, persoas que pasan á listaxe de agarda e persoas excluídas. Esta resolución esgotará a vía administrativa. Contra ela poderá interpoñerse:

- a) ben un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte á súa publicación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas;
- b) ben un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, que contarán desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

## ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas bolseiras comprométense a cumprir todas as condicións recollidas nesta convocatoria mediante a presentación dos documentos que figuran a continuación, que deberán achegar ao Servizo de Estudantes, segundo se indique na resolución definitiva, no prazo de **7 días hábiles**, que contan a partir do día seguinte ao da publicación da resolución coa listaxe definitiva:

- Aceptación ou renuncia da bolsa (**IMPRESO I**)
- Declaración xurada conforme non ten concedidas outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados para o mesmo fin ou que sexan incompatibles, así como salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria da persoa bolseira, ou calquera tipo de ingresos pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado que supoñan a obtención de ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional no curso académico (**IMPRESO II**).

Ademais, dentro do prazo indicado, as persoas adxudicatarias deberán:

- Solicitar a alta da súa conta do Banco Santander (de no dispor de conta nesta entidade deberán abrila primeiro nunha oficina do dito banco), onde desexen que se realicen os ingresos pertinentes a través da Sede Electrónica da Universidade da Coruña (<https://sede.udc.gal>) seleccionando nos trámites de xestión económica o de “alta/baixa/modificación terceiros”. Poden acceder directamente desde a ligazón:  
[https://sede.udc.gal/services/procedures/ECO\\_003/start](https://sede.udc.gal/services/procedures/ECO_003/start)  
Durante o proceso deberán achegar un documento xustificativo do número de conta para a alta e outro arquivo con copia do seu documento de identificación.

## XESTIÓN DA LISTAXE DE AGARDA

No caso de se produciren renuncias antes do 30 de xuño de 2021, os chamamentos faranse atendendo á listaxe de agarda da mesma rama de coñecemento, sempre e cando non se supere o orzamento previsto nesta convocatoria.

Para o caso de se esgotar a listaxe de agarda dunha rama de coñecemento, ordenaranse o resto de solicitantes en agarda por orde de puntuación, independentemente da súa rama de coñecemento e aplicándolle os seguintes coeficientes correctores: 1,17 cando a rama da titulación de acceso ao máster sexa enxeñería e arquitectura, 1,11 cando a rama da titulación de acceso sexa ciencias e 1,05 se a rama é ciencias da saúde. Realizaranse os chamamentos seguindo a listaxe resultante, sempre e cando non se supere o orzamento previsto nesta convocatoria.

## PAGAMENTO

O aboamento do importe da bolsa farase por parte da Universidade da Coruña mediante transferencia bancaria a unha conta aberta a nome da persoa beneficiaria da bolsa nunha oficina do Banco Santander. Aplicaráselle as retencións correspondentes a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, conforme ao previsto na norma reguladora dese imposto.

O pagamento destas bolsas farase en dous abonos:

- o primeiro do 25% unha vez resolta a convocatoria.
- o segundo, do 75% restante, unha vez superados ás materias e créditos matriculados, segundo o establecido nesta convocatoria, e despois de que a persoa bolseira presente a declaración xurada do



conxunto de bolsas concedidas e ingresos percibidos (**IMPRESO III**). Deberao entregar antes do 30 de setembro de 2021.

## PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (“Regulamento Xeral de Protección de Datos” ou RXPd), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal)

A solicitude desta bolsa implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, de acordo coa LOPD, coa finalidade da correcta xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPD).

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consinte expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e no Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición Adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales Taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos contemplados na Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais.

A persoa interesada consinte no tratamento dos datos aos efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Tales dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida á seguinte dirección: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, Rúa Maestranza 9, 15001 de A Coruña ou ao correo electrónico [rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal), coa referencia "protección de datos", a través dun escrito firmado ao efecto achegando fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos, á mesma dirección postal anteriormente indicada, ou ao correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal). Asemade, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

## DISPOSICIÓN FINAL

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os sucesivos actos do procedemento a que atinxe, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

A Coruña, 23 de decembro de 2020

O reitor

Julio Abalde Alonso



**IMPRESO I**

**ACEPTACIÓN OU RENUNCIA**

NOME E APELIDOS:.....

DNI.....ENDEREZO .....

LOCALIDADE.....CÓDIGO POSTAL .....

PROVINCIA.....TELÉFONOS .....

CORREO ELECTRÓNICO DA UDC.....

**ACEPTO** a bolsa

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

Declaración xurada (IMPRESO II)

**RENUNCIO** á bolsa polo motivo .....

.....

A Coruña, .....

Asdo.:

**SERVIZO DE ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

NOME E APELIDOS.....

DNI .....

Declaro baixo a miña responsabilidade que **non teño concedidas outras** bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados para o mesmo fin ou que sexan incompatibles, así como que non obtiven salarios que impliquen calquera vinculación contractual ou estatutaria, ou calquera tipo de ingresos que supoña a obtención de ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional no curso académico.

A Coruña, .....

Asdo.:

**SERVIZO DE ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**



**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

NOME E APELIDOS.....

DNI.....

DECLARO baixo a miña responsabilidade:

Que son beneficiario/a das bolsas ou axudas que relaciono a continuación e que non obtiven salarios, que impliquen calquera vinculación contractual ou estatutaria, ou calquera tipo de ingresos pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado que supoñan a obtención de ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional no curso académico:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

A Coruña, .....

Asdo.:

**SERVIZO DE ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**